

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural**


BReOGAN

O GROVE • Nº 20- 4º TRIMESTRE 2010

EDITA: C.M.D.C. BReOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

**Liga Galega de
Xadrez**

Eleccións na Fegapi

Festa da Bicicleta

Ribadomar, medalla do COE



Nova furgoneta

Música de Nadal

**A escola de xadrez no seu
mellor momento**



XACOBEO 2010
Galicia



Bo Nadal


CLUB MARÍTIMO, DEPORTIVO
E CULTURAL
BReOGÁN

Con este novo número, o 20 do Boletín Informativo da nosa entidade, pechamos o seu QUINTO ano de vida, que se dí moi pronto. Nesta ocasión pertence ao cuarto e último trimestre do 2010 e no que podemos observar novas importantes en todas as facetas de Breogán. Algunhas destas novidades son a adquisición dunha nova furgoneta, a celebración dun Congreso da Federación Internacional de Piragüismo na Toxa, a Música de Nadal e vista da Escola, o traballo que se realiza na Escola de Xadrez, o inicio da Liga de Xadrez, as eleccións de membros da asamblea da F.G.P., a petición do nomeamento de David Mascato como Fillo Predilecto, a II Festa da Bicicleta, a concesión da Medalla do COE a Cristian Ribado-mar ou a confección dunha carroza para o Desfile de Reis.

E como non pode ser doutro xeito, chegadas estas datas queremos agradecer a colaboración de todos os que dalgunha forma aportan o seu grao de area para que o Breogán siga navegando, a pesares das dificultades que nos ofrece a sociedade actual.

En nome de tod@s os membros da Xunta Directiva, querémoslles desexar: **BOAS FESTA E PRÓSPERO ANINOVO!**



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



Congreso da FIP na Toxa

Os días 29 e 30 de outubro tivo lugar no Hotel Balneario Isla de La Toja, o Congreso da Federación Internacional de Piragüismo, evento que se celebra con carácter bianual e, ata o de agora, sempre se celebrou en grandes cidades. Desde o día 26 iniciáronse as reunións preparatorias dun congreso ao que

acudiron máis de 200 participantes en representación duns 80 países e que se hospedaron en diversos hoteis, principalmente nos situados na Toxa.

Alfredo Bea, como Concelleiro de Deportes e Presidente da Federación Galega de Piragüismo, foi o impulsor (co respaldo do

Concello do Grove e da FEGAPI) para que este congreso se celebrase aquí.

Para iso foi preciso que o ano pasado un comité técnico da federación internacional se desprazara a ollar as instalacións da Toxa e dera o seu visto e praxe para tal importante evento internacional.

Nova furgoneta para o clube

Este ano a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, na orde que saca cada ano para a compra de material deportivo para clubs galegos, incluíu por primeira vez a posibilidade de solicitar furgonetas.

Como en cada orde que sae, sexa da administración que sexa, dende Breogán fixemos a correspondente solicitude, e nesta ocasión ao poder solicitar furgonetas,

foi isto o que solicitamos; unha furgoneta.

A contestación desta solicitude encheunos de ledicia, pois a SXD concedeunos unha subvención do 70% dunha furgoneta, o máximo estipulado por la orde e que se traduciu nun total de 16.800 € do que tivemos que xustificar o seu pago antes do día 30 de outubro.

Por iso, no seu día convocamos unha asemblea xeral extraor-

dinaria urxente, onde se probou a petición dunha póliza de crédito para afrontar o pago da furgoneta, póliza que será pechada en canto se nos abone a subvención.

Proximamente contaremos con este novo vehículo, que nos será dunha gran axuda para os nosos desprazamentos. Sen esta subvención sería moi difícil afrontar esta compra a pesares de que xa nos era moi necesaria.



Concello do Grove

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ
E EMERXENCIAS, DEPORTES
E LIMPEZA

Música de Nadal

Amador Míguez.

Dir. Escola de Música Breogán

Xa están aquí as festas entrañables do Nadal, deixando a crise aparte, todo se volve amor, ledicia e gustosos manxares, e aínda mellor se se ameniza con unha música suave propia da época.

Na escola vívese o espírito do nadal. Os alumnos veñen máis cargados de ilusión, e interesados nos vilancicos que só son propios nesta época.

Os vilancicos máis demandados para aprender, entre outros, son “Jingle Bells”, “Navidad, dulce Navidad” en castelán, pois é un vilancico doado de aprender e de efectividade de nadal.

Pero o que describe o espírito do nadal, e ten un certo grao de dificultade tocando o piano ou guitarra, é o vilancico “Noite de Paz”. A súa letra foi composta por un sacerdote austríaco, Joseph Mohr, e a música é de Franz Xaver Gruber, que data de decembro de 1818 na igrexa de san Nicolás en Austria. Foi composto para ser acompañado en guitarra xa que, supostamente, o órgano da igrexa estaba inutilizable e iso levou a compondo o vilancico para guitarra e coro, mistura pouco común na época.

O manuscrito foi extraviado ata que un repartidor de órganos o recuperou sete anos despois e o reviviu. Dise que está traducido a máis de 300 idiomas e unha anécdota curiosa, foi na primeira guerra mundial na chamada “Tregua de Nadal” de 1914, o vilancico “Noite de Paz” foi cantada simultaneamente en inglés e alemán, por ser o único

vilancico coñecido polos soldados de ambos bandos.

Versionada ata a saciedade, por ser un dos poucos vilancicos que a súa letra representa in mellorablemente o nadal e escoitala identifícanos con estas datas.

A harmonía de “Noite de Paz” é básica tendo tres acordes case imprescindibles e básicos para toda as cancións. A melodía xa non é tan sinxela, pega saltos interválicos grandes aín-



Deputación Pontevedra



da que utilizando *arpeggios* que tamén son de base para os músicos. A tonalidade é Maior, así a melodía soa alegre, aínda que emotiva e relaxante.

A tradución para o noso idioma foi en 1871, por Federico Fliedner e curiosamente hai unha segunda tradución e, as dúas perduran á vez diferindo poucas estrofas entre elas.

Vilancicos hai a milleiros para amenizar as longas ceas de nadal, tantos como gustos hai.

Todos os compoñentes da Escola de Música Breogán, deséxanlles un BO NADAL e PRÓSPERO ANO 2011.



A Escola de Xadrez, nun bo momento

Como se pode ver nas fotos que acompañan a este texto, a Escola de Xadrez atópase a pleno rendemento, cunha cantidade importante de rapaces e rapazas que se están adentrando neste deporte, ou mellorando os coñecementos que xa tiñan.

Este ano o lugar elixido para impartir as clases é a aula do Pavillón de Deportes Náuticos, na que preto de vinte rapaces acuden ás clases que imparte

unha man de cando en vez, José Manuel Álvarez. O horario das clases é entre as 17,30 e 19,00 horas dos venres.

A inscrición deste ano na Escola de Xadrez é moi interesante e, no transcurso da liga, estes rapaces e rapazas terán a oportunidade de iniciarse nas competicións oficiais, participando nalgunhas partidas do equipo "B", que estará encadrado na Terceira División do xadrez galego.



R./ País Vasco, 5 - Bajo • 36980 O GROVE (Pontevedra)

Tef. 986 732 195 - Fax 986 735 027

E-mail: construcciones@riasbaixasnet.com



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

Liga Galega de Xadrez

O día 8 de xaneiro iníciase a Liga Galega de Xadrez nas súas diferentes categorías e grupos. O Breogán "A" participará na División de Honra Galega, mentras que o equipo "B", tras renunciar ao ascenso, competirá un ano máis na Terceira División no "Grupo F".

O principal obxectivo será intentar manter o primeiro equipo na División de Honra, meta difícil para a que se contará de novo con Daniel Táboas, e tamén con xadrecistas habituais como David Torres, Jose M. Pérez Negro, Juanjo Montes, Cristóbal Barral, Dominic Robin Cross, Heladio Outeiro, José Manuel Álvarez, David Otero, Alberto García, José Luis Boga, ou Chuco Álvarez. Algúns destes xogadores intercambiarán as súas actuacións entre o primeiro e o segundo equipo.

No segundo equipo xogarán os xadrecistas que queden libres do primeiro, aos que se irán unindo rapaces da Escola de Xadrez para que vaian tendo contacto coa competición e se animen ampliando os seus coñecementos neste deporte. O poder contar cos compoñentes da Escola foi o motivo de renunciar ao ascenso deste equipo.

No grupo de División de Honra competirán: Breogán "A", C. Ferrolano "A", Alexan-



dre Bóveda "A", Pokeryajedrez, com Arteixo "A", USC, Círculo de la Artes "A", Liceo A. P. Ourense, Club Karpov, C. A. Marcote e Universidade de Vigo.

O Grupo "F" de Terceira

División estará composto por: Breogán "B", Escuela Lalín "B", CCD Sanxenxo "B", C. P. A Lama "B", CXF-La Marina, CXF-Caixanova, CXF-All Clearing e C. D. Portas



"la Caixa"

Mascato, fillo predilecto do Grove

A directiva da nosa entidade vén de presentar un escrito no Rexistro do Concello no que se solicita o nomeamento de FILLO PREDILECTO para David Mascato.

Nas Olimpíadas de Barcelona 92 participaron por primeira vez dous veciños do Grove: Joaquina Costa, “Quini” e José Alfredo Bea, “Fredí”. Por aquel entón a Corporación local galardonou a ambos os dous piragüistas co título de FILLO PREDILECTO.

David Mascato, uns anos máis tarde, foi o terceiro grovense en participar nunhas probas olímpicas, cousa que faría en dúas ocasións, pero aínda así este piragüista non recibiu o mesmo recoñecemento que os seus compañeiros.

Por iso, diriximos un escrito ao Consello Local de Deporte para que sexa este organismo o



que se dirixa ao Pleno do Grove a fin de que David Mascato sexa tamén recoñecido co título de FILLO PREDILECTO do Grove pola súa participación nunhas Olimpíadas

e, ao mesmo tempo, para que quede estipulado para que todo aquel deportista grovense que acuda a unhas Olimpíadas sexa recoñecido con este galardón.

Eleccións na Federación Galega

O sábado día 11 de decembro celebrouse a elección de membros da Asamblea da Federación Galega de Piragüismo, que estará composta por 50 membros e por un período de catro anos. O Breogán, grazas ao novo Regulamento Electoral elaborado dende a Secretaría Xeral para o Deporte, non tivo que presentarse ás eleccións ao ser xa membro nato da asamblea polo número de licenzas tramitadas no 2009. Ademais, será membro desta asamblea o adestrador do noso equipo de piragüismo, David Mascato, quen se presentou polo Estamento de Técnicos e

onde saíu elixido. O 8 de xaneiro os membros da asamblea elixirán ao novo presidente da Federación Galega de Piragüismo. Nesta primeira asamblea ten dereito a estar presente o presidente saínte, José Alfredo Bea, quen voltará a presentarse á presidencia. José Alfredo Bea ten practicamente ao seu alcance a presidencia, pois case que todos os membros elixidos para formar parte desta asamblea formaban parte das candidaturas presentadas polos partidarios do mesmo; barallándose incluso que non se presente ningún outro candidato á presidencia.

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA





Festa da Bicicleta

Hai dous anos celebrábase a I Festa da Bicicleta organizada pola AVV As Besadas, na que colaboramos como Breogán.

O pasado día 22 de novembro retomouse esta actividade e a AVV As Besadas organizou de novo este evento, no que colaboramos dentro da Asociación do Deporte Meco. Tamén colaboraron a Deputación de Pontevedra, Concellaría de Seguridade Cidadá e Deportes, a Concellería de Turismo e diversos comercios do noso municipio.

As once e media da mañá iniciouse o percorrido no parque das Besadas (onde se sitúa o local social desta asociación veciñal). En todo momento a policía

local e protección civil velaron pola seguridade dos preto de 150 participantes, contando ademais cunha furgoneta de Breogán que se empregou como coche-escoba.

Preto de 12 quilómetros de recorrido por diversas rúas do casco urbano levou ao grupo de volta ao sitio de partida. Alí fíxose entrega de varios premios: persoa de máis idade, bicicleta máis orixinal ou familia con máis compoñentes participando. Tamén tivo lugar un sorteo con agasallos aportados por diversos establecementos comerciais, así como unha bicicleta de montaña, un canario e diversas equipacións de equipos da ADM.

HABITAT

Decoración

Cristian recibe a medalla do COE

A proposta da Comisión de Distincións do COE (Comité Olímpico Español) en sesión celebrada o día 30 de novembro, acordou a concesión da Medalla do COE, polos seus resultados deportivos, a un grupo de deportistas de diferentes modalidades de toda España, entre os que se atopa o grovense do Breogán Cristian Ribademar.

Cristian foi galardoado xunto co seu compañeiro de C-2 na Selección Española, o catoirense Diego Romero. Ambos os dous proclamáronse Subcampións no Campionato do Mundo de Maratón na categoría absoluta, cando aínda son de categoría Sub 23, o que lles augura un gran futuro.

Este campionato disputouse en Banyoles (Girona), pero ademais formaron o C-2 español que participou no Campionato de Europa de Pista Sub 23, en Moscú (Rusia), onde acadaron un magnífico quinto posto na distancia de 1.000 m. Nesa mes-



ma distancia formaron parte do C-4 español que acadou a oitava posición na final.

A pesar de formar parte de dous equipos diferentes, parti-

ciparon xuntos no Campionato de España de Maratón, ao ser clasificatorio para o Mundial, e no nacional proclamáronse Subcampións.

• Lotería de Reis

Como é habitual, a nosa entidade tamén proba sorte na Lotería de Reis. Este ano xogamos o número 44.282, tanto en décimos como en participacións. Quen estea interesado na súa compra que saiba que está á venda nos establecementos habituais e tamén no Pavillón de Deportes Náuticos.



VICTOR OTERO PROL

ARAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



O Breogán confecciona unha carroza para participar na cabalgata de Reis

Por quinto ano consecutivo o Breogán vai participar na Cabalgata de Reis, e porá neste desfile do día 5 de xaneiro unha nova carroza, como vén sendo costume nos últimos anos. Os directivos, coa “inestimable” colaboración dun grupo de nenos, estamos a traballar na confección e decoración desta carroza, que este ano irá con “Motivos de Nadal”, e que agardamos que agrade a pequenos e grandes. Para a confección da carroza contamos, igual que en anos anteriores, coa axuda que concede o Concello do Grove a través da concellaría Festexos. Tamén contamos cunha importante colaboración de LA CAIXA, quen nos concedeu unha axuda para a confección desta carroza.



DEPORTE GALEGO